

BANDO INFORMATIVO

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS EXTRAORDINARIAS A EMIGRANTES GALEGOS/AS RETORNADOS (S.X. EMIGRACIÓN)

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso (A Coruña)

INFORMA: Da apertura do prazo de solicitude das axudas extraordinarias a emigrantes galegos/as retornados

TIPO DE AXUDA: Axuda extraordinaria e non periódica dirixida a persoas emigrantes galegas retornadas que carezan de recursos suficientes para axudar a facer fronte aos extraordinarios da unidade familiar retorno a Galicia.

PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas, que residindo fóra de España se establezan na CA galega:

- As persoas galegas e nadas en Galicia.
- Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia.

As persoas beneficiarias deberán ter a nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia actual en Galicia.

REQUISITOS DAS/DOS SOLICITANTES:

- a. Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de 3 anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.
- b. Non ter transcorrido máis de dous anos entre a data do retorno a España e a data de presentación da solicitude.
- c. Estar empadroada e ter residencia nun concello da CA de Galicia.
- d. Carecer de rendas ou ingresos suficientes.
- e. Carecer bens patrimoniais suficientes (mobles e/ou inmobles).

LUGAR DE INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello. Rúa do Deporte (baixo), Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono : 981 688 950

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de agosto de 2019.

MÁIS INFORMACIÓN: (Diario Oficial de Galicia nº 32 do 14/02/2019)
Oroso 26 de febreiro de 2019.

Manuel Mirás Franqueira

